



Avisos

***Abastecemento auga:** Recordamos ós/as veciños/as a necesidade de facer un uso responsable da auga posto que é un ben moi prezado e como tal debese respectar. Tralo inverno/primavera anormalmente seca, as fontes e ríos teñen un caudal co que dependendo da climatoloxía igual non sexamos capaces de garantir o subministro. Por isto é moi importante vixiar as fugas de auga, as regas descontroladas,...

***Risco incendios:** xa é coñecido por todos as distancias de plantacións e franxas de protección ao carón dos núcleos. A limpeza destas zonas cobra vital importancia nos meses de verán en vista do enorme risco que supoñen as mesmas pois cunha pequena chispa podemos estar xogando coa vida e o sustento de moitos dos novos veciños e amigos.

***Servizos Sociais:** A partir do 8 de agosto o horario de atención ao público dos servizos sociais do concello será o de costume.

Cultura e Deportes

***Piscina municipal:** Permanecera aberta do 23 de xullo ó 10 de setembro. Durante os meses de xullo e agosto teremos as seguintes actividades :

APRENDE A NADAR 1. Nenos/as que non saben nadar De: 12:00 -12:45 h de luns a xoves. PREZO 8€ curso + carné actividades municipais, de non contar con carne deberá aboar 0,50€/diario para o uso da piscina.

APRENDE A NADAR 2. Nenos/as que xa saben aguantarse sen axuda (manguitos, churros...). Paso dunha proba. De: 12:45 -13:30 h de luns a xoves. PREZO 8€ curso + carné actividades municipais, de non contar con carne deberá aboar 0,50€/diario para o uso da piscina.

ESCOLA DE NATACIÓN: ADULTOS Para adultos(maior de 18 anos).De 13:30 -14:15 h de luns a xoves. PREZO 15€ curso + carné actividades municipais, de non contar con carne deberá aboar 1€/diario para o uso da piscina.

AQUAGYM: Exercicios físicos na piscina municipal que proporcionan beneficios coma favorecer a corrección postural e a circulación, mellorar as calidades físicas e favorecer a relaxación.

Recomendable para calquera persoa xa que é unha forma divertida e sinxela de facer deporte e diminúe o impacto nas articulacións. Nivel Básico - medio. A partir de 16 anos. Luns e mércores de 14:45 a 15:30. Gratuíto con carné de actividades municipais, de non contar con carne deberá aboar 1€/diario para o uso da piscina.

A inscrición para calquera dos cursos de natación ou Aquagym realizarase directamente na piscina.

***Ximnasia de mantemento:** Actividade que mellora a nosa saúde física dunha forma divertida: con xogos, exercicios de tonificación, flexibilidade e con deportes adaptados ao grupo.

De 13 anos en adiante. Martes de 21:00 a 21:45 Do 4 de xullo ao 29 de agosto. Mínimo de 10 inscritos para que a actividade se realice. Lugar Polideportivo municipal. FIN INSCRICIÓN: ata o 3 de xullo. Gratuíto para os que teñan o carné de actividades municipais, 10€ resto.

*Pilates: Sistema de adestramento físico e mental, baseado en exercicios posturais e correctivos, no que o centro do corpo sitúase no abdome, de aí que estea moi indicado para os que padecen de problemas nas costas.

De 13 anos en diante. Xoves de 21:00 a 21:45. Do 6 ó 31 de agosto. Mínimo de 10 inscritos para que se realice a actividade. Lugar Polideportivo municipal. FIN INSCRICIÓN: ata o 5 de xullo. Gratuíto para os que teñan o carné de actividades municipais, 10€ resto

*Saídas ao Aquapark de Cerceda: Saída ás 11:30 e volta sobre ás 19:30 h No Campo do Rosario. Levar comida da casa así coma crema protectora e viseira/gorro. Idade: sen límite, por orde de inscrición. Terán preferencia as persoas empadroadas. Como mínimo deberá haber 32 inscritos, máximo 50. Data: **22 de agosto** FIN INSCRICIÓN: ata o venres antes á data de saída. Prezo: 10€/participante

*Saídas á praia: **Xoves 24 de agosto**, sairemos á praia desde o Centro de Maiores ás 15:00 h. Deberanse anotar no mesmo centro, no concello (981 51 60 20). Haberá un número limitado de prazas (25) e irán por orde de inscrición. Prezo: gratuíto. Requisito: estar en posesión do carné de actividades deportivas municipais.

*Torneo de padde! Do 24 o 27 de agosto. Todos os participantes recibirán unha camiseta como agasallo, a inscrición é gratuíta. 2 categorías: Sénior e infantil (ata 13 anos). Tamén haberá participación de parellas mixtas. As bases do torneo estarán a disposición dos interesados a partir do 21 de xullo.

XI Carreira Popular de Boimorto

Sábado 2 de setembro. Nas próximas datas publicaremos máis información e as bases.

Festival da Luz

*Como xa ben sabedes o 8,9 e 10 de setembro teremos en Boimorto a 6ª Edición do festival da luz, unha mancha de artistas que van volver poñer a Boimorto no centro da atención cultural. As entradas están á venda nos comercios locais e na web do festival.

*Esta aberto o prazo para inscribirse como voluntari@ para o Festival.

Subvención rehabilitación/reparacións vivendas

*Consellería de Economía, Emprego e Industria:

* Renovación de cubertas con tella cerámica (Procedemento IN423B) (DOG 128 de 6 de xullo de 2017.) Fin prazo: 07/10/2017

* Rehabilitación con granito das fachadas de edificacións de vivenda existentes (Procedemento IN316A) (DOG 128 de 6 de xullo de 2017) Fin prazo: 07/10/2017

*Instituto Galego de Vivenda e Solo:

* Programa de préstamos cualificados para rehabilitación (DOG do 28/06/2017.) Fin prazo: 02/11/2017

* Programa subvención rehabilitación vivendas no Camiño de Santiago (DOG 14/06/2017) Fin prazo 30/11/2017